




EXPOSICIÓN EDUCO 2015

Por un cambio cara a unha sociedade máis comprometida
e un mundo máis equitativo.





Exposicións Educo 2015

Por un cambio cara a unha sociedade máis comprometida e un mundo máis equitativo.

EDUCO

Somos unha ONG global de cooperación para o desenvolvemento, con máis de 25 anos de experiencia, que actúa a favor da infancia e a defensa dos seus dereitos, en especial o dereito a unha educación equitativa e de calidade. Traballamos con nenas, nenos e a súa contorna para promover sociedades máis xustas e equitativas que garantan os seus dereitos e benestar. Desexamos un mundo onde tódolos nenos e nenas gocen plenamente dos seus dereitos e dunha vida digna.

Dende Educo realizamos proxectos de cooperación en países en vías de desenvolvemento e coidamos que as accións de sensibilización e educación para o desenvolvemento no noso país contribúen a transformar consciencias para crear unha cidadanía global máis xusta e solidaria.

PRESENTACIÓN

Co obxectivo de promover as actividades de sensibilización que desenvolvemos dende Educo; presentámosvos o catálogo coas nosas propostas.

As exposicións que presentamos procuran amosar o traballo que realizamos ben como as realidades dos países onde temos presenza. Así coma unha ferramenta de sensibilización para os eixos temáticos sobre os que apoiamos o noso traballo: a educación e os dereitos da infancia.

O presente catálogo ponse ao dispor de concellos, equipos culturais e deportivos, bibliotecas, centros culturais, empresas, comercios e espazos públicos que queiran participar na difusión e sensibilización sobre temas relativos ao noso labor. Ademais, poden ser un complemento á oferta de educación para o desenvolvemento que ofrecemos no sector educativo formal: os centros de ensino infantil, primario e secundario.

Queremos impulsar a cidadanía activa e crítica para xerar dinámicas transformadoras das inxustizas sociais.

Para seguirdes as nosas actividades, só tendes que visitar a nosa páxina: www.educo.org

Os dereitos das nenas e nenos

Exposición de siluetas de cartón

Actividade Complementaria

Palestras

No contexto da exposición sobre os dereitos da infancia, ofrecemos a posibilidade de organizar palestras e obradoiros dirixidos tanto a nenos, nenas e adolescentes coma ao público adulto. Esta actividade tamén ofrece a posibilidade de organizar obradoiros sobre a educación en dereitos da infancia para profesorado e educadores/educadoras.

CONTIDO

Tódalas nenas e nenos do mundo, sen distinción, teñen os mesmos dereitos. Nunha linguaxe sinxela amósase a Convención sobre os Dereitos do Neno de 1989 e o vencello do noso traballo con eses dereitos.

Os dereitos supoñen unhas responsabilidades por parte das persoas adultas, gobernos e os mesmos menores.

FICHA TÉCNICA

- Descrición: 10 paneis de foam de 150 x 90 cm
- Fixación: Apoio triangular en cada panel
- Material de difusión: Póster dixital



A explotación laboral infantil, Bangladesh 5 anos despois

Exposición fotográfica

Actividade Complementaria

Reportaxe e palestra

No marco da exposición fotográfica ofrecemos a posibilidade de organizar unha actividade de aproximadamente 60 minutos de duración. Esta actividade consta dunha palestra sobre explotación infantil e dereitos da infancia cun debate do público asistente.

CONTIDO

En 2007 amosamos a dura realidade dos nenos e nenas traballadores de Bangladesh. Agora, engadimos novas fotos tomadas dos mesmos nenos e nenas 5 anos despois.

A pesar de que a explotación infantil persiste, hai máis menores coa oportunidade de melloraren a súa calidade de vida: non deixan de traballar pero poden rematar os seus estudos.

FICHA TÉCNICA

- Descrición: 11 placas de policarbonato (moi lixeiras) de 100 x 70 cm con fotografías e texto
- Fixación: 2 colgadoiros por fotografía
- Material de difusión: Póster dixital



A educación, camiño de futuro

Exposición de baldes

Actividade Complementaria

Reportaxe e palestra

No marco da exposición fotográfica ofrecemos a posibilidade de organizar unha actividade de aproximadamente 60 minutos de duración. Esta actividade consta dunha palestra sobre o dereito á educación e os dereitos da infancia e un debate co público asistente.

CONTIDO

Esta exposición dá testemuño da aposta de Educo pola educación como a mellor a opción para saír da pobreza e acceder a unha vida mellor.

O percorrido fornece unha visión global do dereito á educación no mundo. Mistura o marco xeral concibido polos organismos internacionais con innovadores proxectos de Educo coma o Rincón del buen trato de Bolivia, a Educación feliz de Cambodja ou as Bibliotecas viaxeras de Ghana.

FICHA TÉCNICA

- Descrición: 6 columnas, 24 cubos de foam de 50 x 40 cm, con textos e imaxes nos 4 lados
- Fixación: Os cubos sostéñense entre eles
- Material de difusión: Póster dixital



Ollando cara ao sur

Exposición fotográfica

Actividade Complementaria

Palestras

Organízanse palestras de sensibilización sobre un país onde Educo traballa.

CONTIDO

A través de 20 fotografías –olladas de nenos, nenas, homes e mulleres– achegámonos ás realidades destas persoas en diferentes países cos que traballamos.

Unha escolma de historias auténticas e persoais que nos permiten unha aproximación máis humana á súa realidade cotiá.

FICHA TÉCNICA

- Descrición: 20 fotografías de 80 x 50 cm
- Fixación: 2 colgadoiros detrás de cada fotografía
- Material de difusión: Póster dixital

